

ASUNTO: Procedemento de Panel de Marcha do Comité Galego de Xuíces
PARA: Delegacións Territoriais FGA, Comités de Xuíces, Xuíces de paneis Marcha, e Xuíces interesados.

A continuación explícase o **Procedemento do Panel de Marcha do Comité Galego de Xuíces** que afecta a tódalas probas de atletismo que se desenvolvan en Galicia baixo a supervisión da Federación Galega de Atletismo ou Real Federación Española de Atletismo e que afecta a tódolos xuíces con licenza por Galicia, independentemente que pertencen a paneis nacionais de Marcha ou non.

Nos xurados das distintas competicións controladas polas Delegacións do Comité Galego de Xuíces seguiranse as seguintes directrices:

A] CAMPIONATOS GALEGOS, CRITERIUMS DE MARCHA E PROBAS DO CALENDARIO NACIONAL

O xurado de marcha estará composto por 5 xuíces, incluído o Xuíz Xefe que xulgará, sendo tódolos xuíces dos paneis nacionais.

O Comité Galego de Xuíces nomeará o xurado completo no Campionato Galego de Ruta, no Campionato Galego de Marcha en Pista, no Campionato Galego Absoluto, nos Criteriums de Marcha e nas probas de Calendario Nacional, debendo ser asumido o custe dos desplazamentos pola delegación organizadora.

Así mesmo, poderase designar Secretario de Marcha si se considera oportuno.

No resto de Campionatos Galegos o Comité Galego de Xuíces designará ó Xuíz Xefe de Marcha e supervisará coa delegación organizadora o resto do xurado. No caso de que non se complete con xuíces da propia delegación solicitaranse xuíces de marcha a outras delegacións.

B] RESTO DE COMPETICIÓNS (Escolares)

O xurado estará composto por, polo menos 4 xuíces de marcha (incluído o Xuíz Xefe que xulgará) podendo ser xuíces do panel autonómico.

C] PROCEDEMENTO A SEGUIR POLO XUÍZ XEFE (Tódalas competicións)

Ó finalizar cada competición (Campionatos Escolares, Controles Federativos, Campionatos Galegos, probas de índole autonómica ou nacional) o Xuíz Xefe de Marcha ten que remitir ó Comité Galego de Xuíces (ós correos electrónicos: gestion@fgatletismo.com e comitegalegoxuices@gmail.com) a seguinte documentación:

- Informe do Xuíz Xefe (segundo modelo oficial do CGX ou do CNJ)
- Resultados oficiais da competición
- Folla resumo do Xuíz Xefe (segundo modelo oficial do CGX ou do CNJ). Na folla faranse constar tódolos atletas da competición (aínda que non teñan ningún aviso) por orde ascendente.

Na páxina web da FGA publicarase a Folla Resumo xunto cós resultados da competición.